

A) III Xornada de Portas Abertas Presencial do Campus Industrial de Ferrol.

INSCRIPCIÓN ATA VENRES 21 de Marzo

VENRES 5 de ABRIL de 2024,

16:00 a 20:00 horas - Público Xeral (Visitas individuais, grupos de amigos/as, en familia...)

O alumnado ou público participante poderá elixir entre **TRES** posibles itinerarios:

**Non se pode realizar máis dun só itinerario ao mesmo tempo*

1. Ciencias da Saúde:

a. *Facultade de Enfermaría e Podoloxía*

i. [Grao en Enfermaría](#)

ii. [Grao en Podoloxía](#)

2. Ciencias Sociais e Xurídicas + Artes e Humanidades

a. *Facultade de Humanidades e Documentación*

i. [Grao en Xestión Industrial da Moda](#)

ii. [Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación](#)

iii. [Grao en Relacións Internacionais](#)

b. *Facultade de Ciencias do Traballo*

i. [Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos](#)

3. Enxeñaría

a. *Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol*

i. [Grao en Enxeñaría Mecánica](#)

ii. [Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais](#)

iii. [Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica](#)

iv. [Programa de Simultaneidade Grao en Enxeñaría Mecánica + Enxeñaría Naval e Oceánica](#)

v. [Grao en Enxeñaría Eléctrica \(opción de cursar a modalidade DUAL\)](#)

vi. [Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática](#)

vii. [GRAO ABERTO en Enxeñaría Industrial \(elixen a especialidade no segundo curso\)](#)

b. *Escola Universitaria en Deseño Industrial*

i. [Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto](#)

Debes formalizar a túa inscrición na III Xornada de Portas Abertas Presencial do Campus Industrial de Ferrol antes das 14:00 horas do VENRES 22 de MARZO de 2024 no seguinte enlace -> <https://forms.office.com/e/wbra374WgT>

Podes atopar máis información sobre as titulacións da Universidade da Coruña en <https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/degree>

B) Xornadas de Portas Abertas CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro

Destinado a alumnado de 4º ESO e de Bacharelato que desexen coñecer a oferta formativa, explicada polos propios docentes, nunhas **Xornadas de Portas Abertas** que se celebrarán o **Mércores 3 de abril**, en horario de tarde, de **16:30 a 20h** (para visitas individuais, familias, grupos de amigos...)

Organizaranse charlas e percorridos guiados polo centro educativo, por familias profesionais, segundo a seguinte orde:

16:30h: Actividades físicas e deportivas.

17:00h: Hostalaría e turismo.

17:30h: Edificación e obra civil.

18:00h: Comercio e márketing.

18:30h: Administración e xestión.

19:00h: Informática e comunicacións.

www.cifprodolfoucha.es

C) Encontros Virtuais na Zona USC

Este curso os **Encontros Virtuais na Zona USC** terán lugar os días **21, 22, 25 e 26 de marzo**. Os mesmos teñen como obxectivo dar a coñecer as titulacións e servizos que oferta a USC, están dirixidos moi especialmente ao alumnado de 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Superior.

A páxina de acceso ós encontros é <https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais> (actualizaranse os contidos da mesma a principios da próxima semana).

D) Portas Abertas no Campus de Pontevedra o día 3 de abril (mércores)

Trátase dunha xornada dirixida a alumnado de **bacharelato e ciclos superiores de FP** con interese por coñecer a Universidade de Vigo e, en particular, as facultades/escolas do campus de Pontevedra.

A Xornada vai comezar cunha recepción institucional seguida de visitas aos centros U.Vigo seguindo itinerarios por ámbito de coñecemento: artístico-humanístico, tecnolóxico, ciencias sociais, educación e ciencias da saúde.

Pode consultar o **detalle** desta información, o **programa** da **Xornada** e o **formulario** de inscrición na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/orientacion-academica/portas-abertas>